

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:
Dúas entrevistas

Autor/es:
Breijo, David

Citar como:
Breijo, D. (1993). Dúas entrevistas. Vértigo. Revista de cine. (8):12-15.

Documento descargado de:
<http://hdl.handle.net/10251/42984>

Copyright: Todos los derechos reservados.
Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



DÚAS ENTREVISTAS

David Breijo
(Con la colaboración de Marisa Cid)

Coa ocasión da rodaxe na Coruña da primeira longametraxe como director de Héctor Carré, desplazámonos o 5 de setembro de 1993 as aforas da cidade, onde, nunha fábrica semibandonada, cobixase o equipo que as produtoras SUN LUA e VICI PRODUCCIONS ten reunido para levar a bon fin unha empresa : DAME LUME.

Unha vez alí, entre a voráxine dun dos días mais atarefados, no que se filmaban parte do desenlace e outras secuencias que requerían un despliegue de efectos especiais para simular un perigoso incendio, conquerimos entrevistar ó produtor Xosé Xoan Cabanas Cao quen, coma parte do seu labor, departiu con nós profusamente e cunha amabilidade que temos que destacar, e máis tarde con Héctor Carré, que un tanto absorbido polos requerimentos da rodaxe atendeunos con mais brevedade da que nos gustaría.

Ofrecemos a continuación, a espera do estreno desta nova película de produción integramente galega, unha transcripción destas entrevistas.

Entrevista con Xosé Xoan Cabanas Cao

Pregunta: Hai algún tempo enumeraches unha serie de proxectos para o futuro entre os que se contaba unha longametraxe con Héctor Carré.

Resposta: Evidentemente era éste.

P: Tamén dixeras nalgunha ocasión que ti creías no cine de produtor, ¿ que hai de-so en DAME LUME ?.

R: Hai, primeiro, a aceptación dun guión cunha historia que parece interesante, un guión que ademais ven avaliado por outros dous traballos de Héctor que son COITADIÑOS e A SORTE CAMBIA. Pero máis en concreto, a min gostame meter "a patia" en todo. Estudia-lo presuposto e correr coa organización e unha cousa que teño que facer, máis só unha: é dicir, eu teño intervido tamén, por exemplo, en temas de guión con Héctor, comentandolle cousas que unhas veces acepta e outras non, con bon criterio, xa que él é quen decide sobre ese particular. Ademais él aposta por un cine feito desde eiquí, o que a min

tamén me parece importante, xa que coma produtor podería desvencellarme desto e participar noutro cine, pero estou tratando de afianzar algo eiquí.

P: ¿Qué pode aportar esta película ó sempre renqueante audiovisual galego?

R: Neste senso pode ser moi interesante. Imos poder falar dunha película galega na súa produción, nunha parte importante do equipo técnico, con actores galegos ... Ademais trátase dunha historia de carácter urbano, e aporta a frescura de meterse nunha comedia-thriller por primeira vez en Galicia. De feito, teremos que facer un montón de cousas por primeira vez.

P: Penso que ésta é a segunda longametraxe da produtora.

R: Así é, contando URXA, mais aquela produtora era totalmente distinta a esta de agora. Efectivamente esta sería a miña segunda longametraxe, mais ben nun plano persoal. E tamén a decimosexta ou decimoseptima de

Xosé Xoan Cabanas Cao falando cos actores Camilo Rodríguez e Carles Sanz.



Héctor, mais a primeira como director.

P: O coste de produción de DAME LUME duplica o de URXA. Como produtor ¿qué supón esto para ti, unha oportunidade ou unha meirande preocupación?

R: O meu reto persoal e chegar a facer, polo menos, unha longametraxe ó ano, cosa que soa como moi utópica, sobre todo nestes momentos. Tentarei ir pouco a pouco, e cada vez con maior seguridade. Neste senso, URXA foi coma un despertar, a necesidade de pasar desde un cine marxinal a meterse con todas as da lei nunha produción nas que hai que se enfrentar co público e todo o que eso supón.

Posteriormente ven DAME LUME, que parece duplicar o presuposto, mais de feito non o fai.

Esto é, que na produción de URXA, aínda que se pagou determinada cantidade de diñeiro, o que se desembolsa non ten nada que ver co coste, que é moito máis alto. O plantexamento desta produción é moi diferente. Temos escollido unhas localizacións moi cercanas á Coruña, o que facilita moito o traballo de produción, e gracias a isto pódese facer a película que de

outro xeito non poderíamos afrontar, porque facendo un presuposto normal estaríamos falando dun mínimo de cen millóns de pesetas, polo que a comparación estricte de cifras non nos da a clave de que unha sexa o dobre que a outra.

P: DAME LUME ronda os 80 millóns....

R: Sí, efectivamente.

P: Respecto á viabilidade e á distribución, ¿eres optimista?

R: Pois si, son optimista. Gostariame deciros que mercou a película Canal +, e se non o digo é porque aínda non me chegou o contrato, mais a verdade é que xa temos chegado a un acordo. Que unha televisión como é Canal + mercara a película por anticipado sen vela tan siquera faime ser optimista. Agardo que TVG poida xogar un papel cando menos parecido.

P: O teu anterior filme, URXA, foi en campaña¹ con outras longametraxes ¿Faite esto sentir agora mais desprotexido?

R: Sí, pero ao tempo máis seguro, xa que o proceso de traballo de DAME LUME leva consigo catro meses de preparación, unha sexta versión do guión, un storyboard onde todo está moi aclarado ... todo isto da bastante tranquilidade. Tampouco hai que esquecer que Héctor é un profesional con moita experiencia, xa que aínda que ésta é a súa primeira película como director, o ter sido axudante de dirección en tantos traballos e algo que, ó menos a min coma produtor, da-

«DAME LUME aporta a frescura de meterse nunha comedia-thriller por primeira vez en Galicia»



Juanjo Menéndez e Mercedes Sampietro en DAME LUME.



Rodaxe de DAME LUME na Coruña.

me unha seguridade.

P: Unha gran parte dos técnicos son portugueses, e se di que traballan moi ben. Moitos apuntan á colaboura Galicia-Portugal no audiovisual ¿Tí vés nelo unha opción válida?

R: Eu sempre o apuntei. Agora estamos en certo modo confirmando a través do equipo técnico, pero neste momento estou en disposición de dicirvos que estou a iniciar unha posible produción dunha longametraxe para o ano que ven con portugueses. Nesta co-produción é posible que tamén interveña Francia.

P: Xa para rematar, fálanos un pouco da situación actual da industria audiovisual galega, non só a cinematográfica... e tamén gustaríanos que comentases algo acerca do proxecto de que falas: BLANCA MADISON.

R: Respecto á industria audiovisual galega, creo que estamos nun momento esperanza-

VICI PRODUCCIONS

Creada no ano 1991. Xosé Xoan Cabanas Cao é membro fundador e director de produción da mesma, despois dunha ampla experiencia no terreno audiovisual: diferentes traballos en producións do cine galego en 8 mm. (1973-74), membro fundador e director de produción de ESPELLO VIDEO CINE (1981-1989), e director de produción de CTV-Galaxia Comunicación (1989-1990). Nestes dous anos, VICI ten producidos os videos ALDAN E ELVA (1991) e A COSTA DA MORTE (1991) capítulo piloto dunha serie de Natureza. En cine ten producido as curtometraxes A SORTE CAMBIA (1991) e COITADIÑOS (1992), de Hector Carre, e A BARBERIA (1992) de Alfredo García Pinal, así como, en colaboración, a longametraxe DAME LUME (1993).

(1) Urxa foi un dos proxectos que apareceron baixo do epigrafe Imaxe Galicia 1989, no que xunto con SEMPRE XONXA de Chano Piñeiro e CONTINENTAL de Xavier Villaverde intentouse dar a coñecer e popularizar a capacidade da cinematografía galega a nivel nacional.

dor, xa que se comenza a ver un determinado froito tras moitos anos de seca. A este froito non é alleo un centro chamado Centro Galego de Artes da Imaxe, nin unha escola chamada Escola de Imaxe e Son, e non é allea unha actividade de produción na que se ven teimudamente traballando desde hai moitos anos. Creo que dentro de pouco tempo imos poder dicir que en Galicia temos xa oito ou nove longametraxes das que falar, cousa importantísima, sobre todo se se ten en conta que ata o día que sae nas pantallas SEMPRE XONXA estabamos a falar de cero. Isto hai que valoralo.

De calquer xeito, o feito de ser esperanzador, a lo menos eu, non me impide ter unha certa visión crítica do papel que están a ter algunhas institucións que deberían apoiar este tema dunha forma moi seria, moi clara e definitiva. En concreto me refiro o papel da Televisión Galega, ata agora moi por baixo das súas obrigacións marcadas e definidas polo Estatuto da Radiotelevisión de Galicia.

Claro está que en ningún caso ímonos converter nunha fábrica de produción de cine, e menos neste momento, mais sí comparativamente, cunha referencia clara: no ano 1979, cando se estrenan URXA, CONTINENTAL e SEMPRE XONXA, estabamos facendo case o dez por cento da produción española de aquel ano, o que era evidentemente enganoso. En realidade, o feito de poder ir facendo unha ou dúas películas, contar historias desde eiquí, unha ou dúas ó ano, podería ser perfecto.

Persoalmente, polo momento, estou moi esperanzado ca nova produción que teño entre mans. Trátase de BLANCA MADISON, un guión de Carlos Amil e Daniel Domínguez, que esperamos rodar no ano 1994. Está inspirado nun relato curto de Boris Vian, do que xa teño os dereitos. Tanto pola estratexia de produción como polo tema e os actores previstos constitúe un proxecto moi ambicioso no panorama audiovisual galego, e mesmo español. Pero disto xa teremos tempo a falar cando se confirmen determinadas cuestións.

Entrevista con Héctor Carré

Pregunta: As curtometraxes que tes rodado ata agora, ¿foron como un prequecemento para este, teu primer traballo como director na longametraxe?

Resposta: En parte si. Eu levo traballando no cine desde o 85, mais sempre como axudante de dirección ou en produción, e non é exactamente o mesmo que ser director. É unha experiencia moi boa o facer cortos, porque non chegas virxe ó que son os problemas concretos da dirección, que son un pouco distintos dunha labor organizativa, que é o tallo dun axudante de dirección.

P: ¿Poderías encadrar nalgún xénero concreto a túa película?

R: Sí, eu digo que é un thriller simpático, porque ten elementos de suspense e de acción, e tamén elementos de comedia. Hai unha historia que mantén a atención durante todo o tempo, e logo hai algunhas situacións mais ou menos divertidas, pero é mais thriller que comedia. Por eso digo que é un thriller simpático.

P: ¿Apunta dalgún xeito á A SORTE CAMBIA? Por esa mezcla de elementos parecen semellantes.

R: Sí, quizais parececelle máis que COITADIÑOS, que era máis comedia. O que pasa é

que hai moitas clases de accións: pode ser acción física ou acción dramática. Cando ando os personaxes cambian de rol, cando un personaxe que estaba nunha posición de

HÉCTOR CARRÉ (A Coruña, 1960). Abandona Arquitectura para ingresar en Ciencias da Información (rama imaxe) en Madrid no 1981, e no 1982 no TAI (Taller de Artes Imaginarias), onde remata os seus estudos na especialidade de director de fotografía. A partir de 1985 incorpórase no mundo profesional, traballando como segundo e terceiro axudante de dirección de varios films, entre eles AS AVENTURAS DO BARON DE MÜNCHAUSEN (1987) de Terry Gilliam, INDIANA JONES AND THE LAST CRUZADE (1988) de Steven Spielberg, LA FORJA DE UN REBELDE (1988) de Mario Camús, LAS COSAS DEL QUERER (1988) de Jaime Chavarrí, LA LUNA NEGRA (1989) de Imanol Uribe, etc. Realiza tamén entre 1987 e 1991 diversos cometidos en spots publicitarios (primeiro e segundo axudante de dirección, xefe de produción, director de segunda unidade) e en curtometraxes (axudante de dirección, director de fotografía). É realizador e guionista de ADIOS AL TEMOR (1989 c.m. en vídeo), MAIS DO MESMO (1990 m.m. en vídeo), A SORTE CAMBIA (1991 c.m., 35 mm.), e COITADIÑOS (1992 c.m., 35 mm.). En 1993 realiza a súa primeira longametraxe, DAME LUME actualmente en fase de postproducción.




Héctor Carré e Juan Carlos Gómez (á esquerda) na rodaxe de DAME LUME.

poder pasa a estar nunha posición de sumisión, eso tamén é acción, e é o que pasaba en COITADIÑOS, onde os personaxes estaban continuamente cambiando de rol, de modo que sempre había unha progresión.

P: ¿Qué che parece que aporta a túa película DAME LUME ó audiovisual galego?

R: É unha pregunta difícil de contestar....

P: Tal vez que sexa un thriller, tema non moi tocado na cinematografía galega.



Unha páxina do story-board de Héctor Carré para DAME LUME.

R: Non sei... Eu son galego, e como xa o son, non teño que preocuparme de ser galego. Preocúpome de facer películas, non películas galegas. Eu non intento aportar nada á cinematografía galega, o que intento é facer unha película que a min me interese, que poda divertir ó público, que funcione ben, e que me permita facer outra despois. Non teño ningunha intención de facer unha aportación específica de algo que falle ou deixe de fallar.

P: Cando presentaches COITADIÑOS NO CGAI, dixeches que o cine que máis te interesaba neste momento era o que rodaban Spike Lee e outros directores negros que foron dándose a coñecer, Incluso lembro que mencionaches un thriller de Mario Van Peebles, NEW YORK CITY ¿Qué influencias pódense apreciar, no só deso, senón en xeral, en DAME LUME?

R: As miñas influencias máis directas son todas as películas que vin, todas as novelas que leín, e as obras de teatro que vin, que son moitísimas. Non sabería dicir... Eu, cando escribo ou cando rodo non estou pensando en influencias. A min góstanme moito Spike Lee, Scorsese, Lawrence Kasdan que non teñen nada que ver uns con outros. A min góstanme todo.

P: ¿Dame a impresión que ti abogas por ir limpo á rodaxe, librandote de tódalas influencias das cousas que che gustan.

R: Claro, eu non veño á rodaxe como o faría este ou este outro. Teño que pensar no que sucede agora e como vou contalo.

P: Entón ¿estás buscando o teu estilo?

R: Eu non busco un estilo. O que busco é o estilo da película, pero non o meu estilo. Cortazar dicía que hai dous tipos de escritores: os que tratan de ter un estilo, e os que escriben como eles mesmos, e eses son os que realmente teñen estilo. Eu o que busco é que a película teña coherencia, na historia, no ritmo, na fotografía, na interpretación... Bastante hai con poñer todo en orde como para aínda por riba querer ter un estilo persoal,

que ademais é algo como a letra, que escribindo desde pequeno faise única e dunha forma determinada como consecuencia da túa personalidade e moitas outras cousas, sen que nunca o teñas buscado a posta.

P: Fálanos do teu traballo como guionista de DAME LUME.

R: Normalmente, cando collo un guión para rodar, dígame: "Imos ver que di este". Ou sexa, trato de esquecer que o guión escribimno eu.

Cando estou escribindo é outra cousa, sé do que quero falar ou intento sabelo. Normalmente cando escribo estou tratando de poñerme na situación dos personaxes, incluso vou lendo o texto e poño caras.... creo que ten que ser bastante divertido verme encima do ordenador.

P: ¿E que pensa o guionista cando por cuestións de produción a película queda distinta a como a pensou?

R: O guionista non pensa nada, porque como o que está agora connigo é o director, este fai o que ten que facer e non lle pregunta ó guionista, que está na casa tranquilo diante do ordenador e non ten ningún problema porque non se entera. O verá na pantalla, pero non lle parecerá mal.

P: Se hai algo que corrixir o fas ti directamente...

R: Sí, eu ou o actor.

P: ¿Como colaboras con él? Porque, agora que o dis, tes un actor fetiche.

R: ¿Camilo Rodríguez?

P: Sí.

R: Ben, non é exactamente un actor fetiche. Camilo e mais eu coñecemos desde que temos arredor dos 17 anos. Coñecemos ben, confiamos un no outro, traballamos a gusto e resulta que él é actor e eu dirixo películas. Levámonos ben, máis eso non quere dicir que toda a vida teñamos que traballar xuntos. Él fixo máis traballos por ahí, pero é verdade que en todo o que eu fixen ten estado él ..Máis non é exactamente un actor fetiche. ☺

DAME LUME
Producción
 Sun Lua-Vici Produccións
Productor executivo
 Xosé Xoan Cabanas Cao
Guión
 Héctor Carré
Dirección
 Héctor Carré
Fotografía
 Juan Carlos Gómez
Director Artístico
 Suso Montero
Decorados
 Rodrigo Roel
Intérpretes
 Mercedes Sampietro, Juanjo Menéndez, Camilo Rodríguez, Ana Otero, Beatriz Bergamin, Evaristo Calvo, Rodrigo Roel, Manuel Lourenzo, Santiago Fernández, Sonia Martínez, Nancho Novo.